

COÑECER OS DEREITOS HUMANOS

Con esta actividade traballamos

Os Dereitos Humanos (DDHH) e a súa clasificación.

A súa relación e influencias importancia para a nosa vida cotiá.

Xerar actitudes de respecto cara aos DDHH e de denuncia ante as violacións dos mesmos.

ODS 16.

Durará

Unha ou varias sesións. Depende do grao de profundidade ao que se queira chegar.

Necesitaremos

Táboa periódica dos Dereitos Humanos ([ligazón](#))

Un computador ou tableta por grupo.

Desenvolvemento

Pídese aos e ás participantes, que comenten o que saiban sobre os DDHH:

- Ano da súa promulgación.
- Número de artigos.
- Artigos ou dereitos amparados por estes que lembren...

Vaise anotando toda a información que apareza. Con isto preténdese caer na conta do noso grao de coñecemento (ou descoñecemento) dos DDHH e o seu articulado.

Presentar a "táboa periódica dos Dereitos", e explicar brevemente as tres xeracións de dereitos, facendo notar as características ou peculiaridades de cada unha delas.

Divídese o alumnado en grupos de 5 ou 6 persoas, cunha tableta ou pantalla por grupo para que poden consultar a "táboa periódica dos Dereitos", e pídeselles que busquen situacións cotiás, o máis próximas posible a nós e nós, nas que estes dereitos non se cumbran.

Hai que reflexionar

Reflexionar no grupo grande a partir de preguntas como estas:

- Podedes considerar que coñeciades o articulado dos DDHH?,
- Que pensades ao coñecelos con maior profundidade?
- Comprendestes a diferenza e o sentido das diversas xeracións?
- Sodes conscientes das situacións da vosa vida nas que non cumprides ou non se compren convosco ou nós os DDHH?
- Ao noso nivel, Que significa o artigo 29? Que podemos achegar persoalmente para que se cumpran estes dereitos na nosa contorna?

Os DDHH non son unha teoría que hai que coñecer. Debemos coñecelos para cumprilos e facelos cumprir.